

O hábitat no noroeste peninsular nos ss. XVI-XIX

PEGERTO SAAVEDRA

Universidade de Santiago de Compostela

1. Obxectivos e problemas.

O estudio das formas do hábitat e da súa evolución ponnos en contacto con moitas outras variables, como a organización social, as características das actividades agropecuarias, a conxuntura demográfica e económica, as estruturas da poboación, o exercicio do poder, os ámbitos da sociabilidade e, en xeral, coas diversas manifestacións da cultura campesiña, relixiosa e profana. Neste traballo só poderei tratar unha pequena parte dese amplo número de cuestións e limitareime a comentar algúns problemas que presentan as fontes, para pasar, de seguido, a ofrecer datos estatísticos sobre o hábitat desde mediados do s. XVI ata mediados do s. XIX, prestando especial atención a Galicia e ós seus profundos contrastes internos, pero incluíndo tamén referencias a outros territorios da cornixa cantábrica que teñen, neste e noutros puntos, moitas semellanzas con Galicia, e aínda habería que lembrar que o norte e noroeste da península Ibérica deben ser considerados para os efectos dentro de toda a Europa atlántica, de acordo coa perspectiva adoptada por diversos especialistas¹.

Hai que convir de entrada que, verbo da España atlántica, a análise do hábitat a penas ocupou a atención dos historiadores do Antigo Réxime, alomenos en comparación coa que lle dedicaron a outros problemas, como as estruturas agrarias, a evolución demográfica e os cambios nos tipos de cultivos, por máis que a cuestión do hábitat teña moito que ver con todos estes asuntos. Significativamente, foron os medievalistas os que se preocuparon en maior grao por desvela-las realidades agachadas detrás de termos coma *vila*, *casal*, etc., e, en xeral, por estableceren unha relación entre as formas do hábitat e o exercicio do poder en canto elemento organizador do territorio². Para a idade

¹ Vid., por exemplo, A. Bouhier, *La Galice*, Vendée, 1979, pp. 234 ss.; X. M. Souto, "Encol do hábitat e do poboamento. O caso de Galicia", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 98 (1982), pp. 7 ss.; P. O'Flanagan, *Xeografía Histórica de Galicia*, Vigo, 1996, pp. 78 ss.; tamén as contribucións ás "Dix-Huitièmes Journées" da Abbaye de Flaran (Auch, IX, 1996), sobre "L'habitat dispersé dans les campagnes d'Europe au Moyen Age et à l'Europe Moderne", que aparecerán publicadas no núm. 18 da Revista *Flaran*.

² Cf., con carácter xeral, J. A. García de Cortázar, *La sociedad rural en la España Medieval*, Madrid, 1988, pp. 82 ss.; e para casos concretos, E. Portela Silva e M^a C. Pallares, "Aproximación al estudio de las explotaciones agrarias en Galicia en los siglos IX al XII", en *I Jornadas de Metodología Aplicada a las Ciencias Históricas. II. Edad Media*, Univ. de Santiago, 1975, pp. 95

moderna, as fontes de natureza fiscal, señorial e eclesiástica, son máis abundantes ca para o medievo, pero non están exentas de lagoas e de dificultades de orde imperativa; a isto engádeselle o feito de que os propios xeógrafos discrepan, en ocasións, sobre se parte dos numerosísimos e pequenos núcleos de poboación característicos da España atlántica constitúen un hábitat disperso ou concentrado³.

As dificultades que presentan as diversas fontes son, sen dúbida, maiores alí onde os núcleos do hábitat son máis abundantes e reducidos, aínda que de tamaño desigual. Así, a documentación de procedencia eclesiástica, e en particular as numerosas visitas pastorais que se conservan, de xeito irregular segundo dióceses e arciprestados, desde finais do século XV⁴, case sempre ofrecen o total de veciños por parroquias e non por aldeas e, ó respecto, hai que ter presente que a finais do Antigo Réxime, Galicia tiña preto de 30.000 aldeas e casaríos illados repartidos entre 3.600 parroquias; é dicir, unhas oito aldeas de termo medio por cada freguesía. Algo semellante acontecía en Asturias e en Cantabria. E, aínda que algúns investigadores consideraron a parroquia como a unidade de poboamento por excelencia, esaxerando as súas funcións⁵, hoxe ninguén discute que nos territorios mencionados o núcleo base do hábitat estea constituído pola aldea, teña tres ou trinta veciños. Onde a aldea e a parroquia se indentifican, tal como sucedía en moitos concellos de Castela e nas chairas picardas, non existe o problema que estamos comentando, pero na España atlántica o feito de coñece-lo número de veciños dunha freguesía pouco ou nada nos informa acerca da súa distribución entre as pequenas unidades aldeás.

ss., e dos mesmos, *Galicia en la Época Medieval*, Colec. "Galicia. Historia", II, A Coruña, 1991, pp. 140 ss., coa bibliografía que citan; J. M. Andrade Cernadas, "Las villae en la Galicia de la mutación feudal: el caso de Celanova", en A. Vázquez Varela *et alii*, III e IV *Semanas Galegas de Historia. A Guerra en Galicia. O Rural e o Urbano na Historia de Galicia*, Santiago, 1996, pp. 277; para Cantabria, C. Díez Herrera, *La formación de la sociedad feudal en Cantabria*, Asamblea Regional/Univ. de Cantabria, 1990, pp. 27 ss. e especialmente 77 ss. ("la cristalización de la aldea"), e para o País Vasco, J. A. García de Cortázar *et alii*, *Bizcaya en la Edad Media*, San Sebastián, I, pp. 61 ss. Para a época moderna, contamos sen embargo coa valiosa contribución de C. Fernández Cortizo, "«Aldeas y casaríos a tiro de mano de piedra»: los asentamientos rurales en el arzobispado de Santiago (siglos XXVI-XVIII)", *Espacio, Tiempo, Forma*, Historia Moderna, 7, (1994), pp. 211 ss., que citaremos a miúdo.

³ Ó respecto, remito ás consideracións de X. M. Souto, "Encol do hábitat e do poboamento", pp. 7 ss.; vid. tamén X. M. Beiras, *Estructura y problemas de la población gallega*, A Coruña, 1970, pp. 29 ss.; J. Fariña Tojo, *Los asentamientos rurales en Galicia*, Madrid, 1980, pp. 20 ss., e P. Torres Luna *et alii*, "Los asentamientos rurales", en *Geografía de Galicia*, A Coruña, 1985, pp. 179 ss. As citas poderíanse alongoar.

⁴ Polo que sabemos, na actualidade, a diócese de Ourense é a que dispón dunha mellor información, ó contar con visitas que cobren boa parte dos arciprestados desde finais do século XV. Para a comarca de Celanova foron obxecto de estudio por D. Rodríguez Fernández, "Población y familia campesina en la Galicia interior. La comarca de Celanova (s. XVIII), memoria de Licenciatura inédita, Univ. de Vigo, Facultade de Humanidades de Ourense, 1996, pp. 14 ss. e 128 ss. No caso de Santiago basta consultar as *Memorias* de J. del Hoyo (ed. de B. Varela Jácome e A. Rodríguez González, Santiago, s. a.), para ver que toda a información ven por parroquias; o mesmo comprobamos en Mondoñedo (P. Saavedra, *Economía, política y sociedad en Galicia: la provincia de Mondoñedo, 1480-1830*, Xunta de Galicia, 1985, pp. 65-66). Na diócese de Lugo, algúns libros de fábrica, en cambio, poden incluí-la vecindade de cada aldea (por exemplo, as da parroquia de San Xulián de Freixo).

⁵ Como prototipos desta corrente pode citarse a R. Otero Pedrayo, *Paisajes y problemas geográficos de Galicia*, Madrid, 1928, e a J. Fariña Jamardo, *La parroquia rural en Galicia*, Madrid, 1975.

Non menores problemas ofrecen as fontes creadas pola administración monárquica, a maioría delas de natureza fiscal. As veciñanzas son moi abundantes para o século XVI, especialmente para a segunda metade —como ben saben os que investigaron cos Expedientes de Facenda do Arquivo Xeral de Simancas—, pero a miúdo ofrecen cifras globais por parroquias e “partidos”, circunscricións estas de moi desigual tamaño, que case sempre comprendían un número descoñecido de aldeas. Por iso Annie Molinié-Bertrand alude, na súa monografía sobre a poboación da coroa de Castela durante o século XVI, ó “caso particular” de Galicia, onde aparecen na documentación que cotexa termos como “partidos”, circunscricións estas de moi desigual tamaño, freguesía, á parte doutros menos frecuentes —“calendario”, “rilleira” —, sen que por regra xeral se enumeren as aldeas destas circunscricións administrativas, que poden ter media ducia de veciños ou varios centos⁶. De aí que, a diferenza do que sucede na Bureba, —moi ben estudiaada por F. Brumont— e noutros territorios casteláns, resulta imposible cartografar, no XVI, as pequenas unidades de poboamento ou as aldeas de moitos concellos da España atlántica, dificultade coa que, así mesmo, se topou Annie Molinié na súa análise do censo de 1591 (que presenta os datos de veciños por partidos de moi desigual tamaño, nunca por aldeas)⁷. Nalgunhas poucas circunscricións, sen embargo, as fontes fiscais da época de Felipe II daban conta, unha a unha, das aldeas de cada partido, xurisdicción e couto cos seus veciños, e estes datos son de grande utilidade para establecer comparacións con outras fontes dos séculos XVIII e XIX, segundo veremos máis adiante. A pesar de que aínda dispoñemos de poucas veciñanzas do XVI levantadas por aldeas, as coñecidas ata agora teñen a vantaxe de pertencer a comarcas moi diferentes desde o punto de vista da súa evolución agrícola e demográfica, cousa que facilita os contrastes⁸.

Os padróns de comezos do século XVIII e logo o catastro de Ensenada tamén se realizaron por parroquias e por coutos, e non é habitual que especifiquen os veciños de cada aldea, aínda que hai casos nos que si, e que poden compararse con fontes do XVI e do XIX. Podería acudirse ós chamados “Libros Reais” de 1749-53, que enumeran as vivendas e a súa localización, pero a consulta desta masa documental supera as posibilidades dun só investigador e, polo demais, non sempre veciños e vivendas estaban igualados. Do censo de Floridablanca, de 1787, cabe dicir que non informa, alomenos con criterios homoxéneos, do número de veciños e que distribúe a poboación por cidades, vilas, lugares, coutos e freguesías, termos que teñen, ante todo, un significado administrativo —ó remitiren á xerarquización das entidades nese ámbito— e non puramente xeográfico. Hai que chegar dese xeito ós dicionarios

⁶ A. Molinié-Bertrand, *An siècle d'or. L'Espagne et ses hommes. La population du Royaume de Castille au XVIe siècle*, Paris, 1985, cap. I; de varias destas cuestións ocúpome en “Algúns problemas que presentan as fontes do século XVI do Arquivo Xeral de Simancas referidas a Galicia”, en P. Saavedra, *A Facenda Real na Galicia do Antigo Réxime*, Santiago, 1993, pp. 25 ss.

⁷ Cf. A. Molinié-Bertrand, *La population du Royaume de Castille d'après le recensement du 1591*, Caen, 1980. Para a Bureba, F. Brumont, *Campo y campesinos en Castilla en tiempos de Felipe II*, Madrid, 1984, pp. 76-78.

⁸ C. Fernández Cortizo, en “«Aldeas y casarías a tiro de mano...»”, deu a coñecelos datos dunha veciñanza de 1582-83 correspondentes ó Salnés, Montes e Arzúa, que aquí utilizamos, e ós que se lle engaden agora os diversos partidos de Lugo e Ourense (Samos, Val do Incio, Cervantes, O Courel, O Bolo...), no Arquivo Xeral de Simancas, Exps. de Facenda, mazos 97/66, 97/86, 118/13, 97/73, 97/99, 97/107 e 95/82.

xeográficos da primeira metade do XIX e ós *nomenclátors* posteriores a 1857 para atopar unha información sistemática das aldeas coa súa veciñanza, salvando deste modo unha situación heurística caracterizada pola existencia de datos fragmentarios que só permiten a análise estatística da evolución do hábitat nunhas poucas comarcas.

Así e todo, nin sequera as fontes estatísticas do XIX —e tampouco as do XX— están exentas de deficiencias, en ocasións graves, que dificultan o estudio do hábitat. Se no Antigo Réxime algúns censos e veciñanzas clasifican as entidades territoriais de acordo con criterios de dependencia política (ciudades e vilas cos seus alfoces, xurisdiccións e coutos señoriais...), despois da Revolución Liberal pódese conserva-la vella terminoloxía, pero a mesma palabra designa realidades distintas segundo os municipios. Así, o censo de 1857 deu orixe á publicación dun “Nomenclátor estatístico das cidades, vilas, lugares, pobos, aldeas, granxas, coutos redondos e despoboados”, que coñecemos para toda a provincia de Lugo⁹. Ó procedermos á análise, atopámonos con situacións moi variadas; nalgúns concellos os criterios de clasificación dos pequenos núcleos de hábitat resultan bastante claros: “casarío” designa unha vivenda illada; “aldea”, un grupo de 2-9 casas; “lugar”, unha entidade con dez ou máis veciños; “parroquia”, a sede da igrexa, xa conte cun só veciño, con dez ou con trinta; “vila” é a cabeza dos municipios (non de todos), en ocasións de menor tamaño ca moitos “lugares” do propio concello. Esta xerarquización dos núcleos do hábitat aparece, por exemplo, en Becerreá; pola contra, no concello de Cértantes, limítrofe co anterior, “aldea” e “lugar” son palabras que se alternan á hora de designa-las pequenas entidades, sen que se poida establecer distincións a partir do número de veciños. En Neira de Xusá, o termo “lugar” nin sequera se emprega; en Antas hai vivendas illadas que ora se denominan “casarío” ora “aldea”, e só nun caso aparece a verba “lugar” aplicada a un núcleo de dous veciños; pola contra, en Carballedo, é a voz “aldea” a que se menciona unha soa vez, de modo que a clasificación se reduce a “casarío”, “lugar” e “parroquia”; para rematar, en Palas de Rei moitas vivendas illadas reciben o nome de “lugar”, ó lado doutras nomeadas “casarío”, e poderíamos continuar mencionando casos desta heteroxeneidade que caracteriza a clasificación das pequenas entidades de poboación desde os 65 concellos lucenses. E tampouco resultaría difícil atopar situacións semellantes noutras provincias: así, o Nomenclátor de 1858, emprega en Oviedo a palabra “lugar” para núcleos que, polo común, superan os vinte veciños; pero algúns deles reciben a denominación de “aldea” ou de “pobo”, mentres outras entidades con catro, seis ou vinte veciños son “termos”. En cambio, o Nomenclátor de 1867 non alude a “aldeas”, só a “lugares” (3.855), “casaríos” (4.120) e “grupos” (938), á parte da cidade e de 51 vilas. En Santander, a mesma fonte presenta unha relación de 582 “lugares”, 179 “aldeas”, 486 “casaríos”, 16 “grupos”, 2.615 “casas” (vivendas ocupadas temporalmente nos pastos de altura), 41 “albergues” e 41 “sitios”. En Lugo, en 1865, case

⁹ Publicouse no *Boletín Oficial de la Provincia de Lugo*, correspondente a 1858.

desapareceron, en comparación a 1857, os “lugares” (38) e os “casaríos” (141), incrementándose as “aldeas” (9.809)¹⁰.

É probable que para os contemporáneos houbera algunha diferenca —en canto á orixe, disposición das casas, relación con outros núcleos— entre as entidades que tiñan un mesmo número de veciños e que recibían, sen embargo, denominacións distintas —“casarío”, “aldea”, “lugar” —. Con todo, con independencia destes distingos, que agora non estamos en condicións de resolver¹¹, cabe lembrar que, ó dispor das cifras de veciños das diversas entidades de poboación a partir dos nomenclátore, o problema das variacións na designación dos núcleos é menor ca cando faltan estes datos: ignoramos, segundo queda sinalado, por qué razón recibe o nome de “aldea” e outro de igual tamaño e, se cadra, limítrofe, o de “lugar”, ou por qué non tódalas vivendas illadas se denominan “casaríos”; pero isto non nos impide clasificar as entidades de acordo co seu número de veciños. Fóra destas cuestións, os problemas de vocabulario resultan no Antigo Réxime relativamente sinxelos: para Covarrubias “aldea” é “poboación pequena, en terra de labranza”, mentres “lugar” “significa, moitas veces, cidade, ou vila, ou aldea, e así dicimos no meu lugar, na vila onde nacín, e fulano non está no lugar, non está na cidade”. No século XVI, non obstante, é a máis común no noroeste peninsular para designar núcleos dun, cinco ou trinta veciños, mentres o termo “aldea”, infrecuente nos Expedientes de Facenda, aparece, pola contra, bastante estendido nas fontes do século XVIII, aínda que na documentación local —protocolos, libros parroquiais— lugar e parroquia son as entidades de referencia, os marcos da “xeografía afectiva”. Na documentación señorial, “lugar” equivale unhas veces a explotación e outra a aldea —quizais porque algúns núcleos se formaron a partir da fragmentación dunha explotación orixinaria e de cavas —, pero, a voz máis común para designar unha explotación, coa casa, terras de cultivo e dereitos sobre os comunais é a de “casal” ou “casarío”/“casaría”¹². Os medievalistas sinalaron ó respecto que o abandono de “vila” por “lugar” é un proceso que se desenvolve nos séculos XIII-XV; na época moderna “vila” e “vilar” son nomes propios de moitas aldeas concretas, e tamén as vellas “granxas” monásticas aparecen convertidas en topónimos de pequenos núcleos (“grañas”)¹³.

Á parte dos problemas terminolóxicos que, de maneira sucinta acabamos de repasar, algúns dicionarios xeográficos e sobre todo os nomenclátore da segunda metade do XIX presentan outros de maior envergadura que, aínda que adoitan afectarlles tan só a uns cantos municipios, trátase a miúdo, e non por casualidade, dos que teñen o hábitat máis disperso, que aparece, pola contra, un tanto artificialmente agrupado nas fontes. Un exemplo moi ilustrativo constitúeo o Concello de Muras, nas montañas setentrionais de Galicia, onde a

¹⁰ Os nomenclátore deses anos consultámoslos na Biblioteca da Universidade de Santiago; unha valoración destas fontes en A. Melón, *Los modernos nomenclátore de España. Discurso...*, Madrid, 1958.

¹¹ Para tempos recentes, vid. os distingos de J. Fariña Tojo, *Los asentamientos rurales*, pp. 30 ss.

¹² Na terra de Santiago, no século XVI, a documentación señorial refírese ás explotacións agrarias, polo común, coma “casales”; vid. J. E. Gelabert, *Santiago y la tierra de Santiago de 1500 a 1640*, A Coruña-Sada, 1982, pp. 64 ss.

¹³ Vid., os traballos de M^a C. Pallares e E. Portela citados na nota 2.

maioría das aldeas estaban habitadas no XIX e no XX —e sen dúbida tamén no XVI-XVIII— por 2-6 veciños; pois ben, no Nomenclátor de 1857 só aparecen mencionadas 29 entidades —“lugares” e “parroquias” —, cun termo medio de 25 veciños cada unha. O Nomenclátor de 1865 recolle, en cambio, 122 aldeas, cunha media de 5,7 veciños; e o de 1960, 170 “aldeas” e “casaríos”, que non acadan as catro familias (3,8) de termo medio. A explicación de agrupamentos coma o de 1857 —que Ortega Valcárcel detectou para as aldeas pasiegas de Cantabria, nas mesmas fontes— radica, en boa medida, en que os veciños destes pequenos núcleos de 2-6 casas adoitaban manter relacións de cooperación con outros próximos, no ámbito económico e cultural, de xeito que a dispersión física dos minúsculos grupos de veciños non impedía intensos intercambios comunitarios. O *Diccionario de Madoz* si recolle, en cambio, estes matices, e conceptúa os pequenos enclaves como “burgos” ou “barrios” integrantes dunha aldea cuns límites que definen, precisamente, o ámbito xeográfico que abarcan as “axudas mutuas” prestadas entre veciños con motivo das mallas, esfolas, preparación do liño, velatorios, seguros de gando¹⁴, etc. Neste contexto convén lembra-lo que sinalaba hai anos José Ortega Valcárcel a propósito do poboamento das montañas de Burgos: “que a aparencia dun hábitat pode ser enganosa e que a simple consideración formal do poboamento é falaz en canto á definición do tipo de hábitat”. En efecto, as numerosas entidades de poboación do territorio estudiado polo profesor valisoletano non impiden falar *dun hábitat agrupado de estructura polinuclear en canto á célula do concello*. Noutros termos —continúa Ortega—, a unidade de asentamento que centra o espacio agrario ten unha organización espacial laxa, aberta. Por regra xeral, ou con certa frecuencia, a unidade de ocupación do espacio non é un núcleo exclusivo —a aldea ou vila—, senón que se compón de varios elementos próximos integrantes do mesmo concello, e cun espacio agrario que se organiza en común: cada un deles é o que se denomina un *barrio*¹⁵. As situacións das montañas setentrionais de Galicia e de Burgos non son idénticas —pois o tamaño dos núcleos e do espacio agrario organizado en común difire moito dun ámbito a outro— pero en ámbolos dous casos faise necesario considerar máis factores cós referidos ás características das unidades de habitación.

2. Evolución do hábitat

Advertiamos ó comezo que o estudo da evolución demográfica da España atlántica durante a idade moderna ocupara moita máis atención có do hábitat, aínda que este tivo que notar cambios profundos nas comarcas de maior dinamismo. O forte crecemento da poboación de Galicia, Asturias, Cantabria, Biscaia e Guipúzcoa desde finais do século XVI ata mediados do XIX é un feito ben demostrado pola historiografía do último cuarto de século que enfatizou especialmente a expansión do século XVII e tamén desde finais do Antigo Réxime, vencellada a unha cadea de transformacións agrarias —millo, patacas,

¹⁴ A. Bouhier, en *La Galice*, II, pp. 206 ss., reparou neste feito; unha situación similar aparece en Monfero, espacio estudiado por J. A. Fernández de Rota, *Antropología de un viejo paisaje gallego*, Madrid, 1984, pp. 109 ss. (apartado dedicado á “vecindad y comunidad”)

¹⁵ Cf. J. Ortega Valcárcel, *Las transformaciones de un espacio rural: las montañas de Burgos*, Valladolid, 1974, pp. 304-305.

cavas—. A modo de síntese, estas serían as cifras aproximadas de habitantes dos diversos territorios en diferentes momentos:

CADRO I

Anos	Galicia	Asturias	Cantabria	País Vasco*	Total
1591	700.000	150.000	100.000	142.000	1.092.000
1631	850.000	177.000	96.000	163.000	1.286.000
1700	1.200.000	280.000	131.000	163.000	1.774.000
1787	1.400.000	348.000	157.000	234.000	2.139.000
1860	1.800.000	540.000	220.000	317.000	2.877.000

(*) Sen Arava, cunha evolución agraria e demográfica semellante á de Castela.

Fonte: J.M. Pérez García, "Le maïs dans le nord-ouest de la péninsule Ibérique", *Flaran*, 12 (1990), pp.

91-92. Corriximos á alza as cifras de Galicia.

Ó longo de dúas centurias e media, a poboación da España atlántica multiplicouse, alomenos, por 2,5, sendo a segunda metade do XVIII e os anos de 1780 a 1830 os períodos de maior pulo, aínda que se poderían establecer matizacións a propósito de conxunturas particulares dalgúns territorios, cousa que nun estudio do hábitat resulta innecesaria. Cabe tamén chama-la atención sobre a orixinalidade das décadas que van de 1591 a 1631 —cando o millo era descoñecido na maioría das comarcas— con importantes ganancias demográficas en Galicia e en Asturias, e, neste aspecto, datos parciais apuntan a que en varias parroquias de Galicia toda a segunda metade do XVI se caracteriza por un forte crecemento, que presenta unhas raíces agrarias que aínda haberá que investigar a fondo¹⁶. En calquera caso, se no canto de establece-las comparacións entre 1591 e 1860, as realizamos entre 1500 e 1860, probablemente habería que falar dunha poboación que se multiplicaba por 5 ou por 6.

Con respecto a Galicia estamos en condicións de ofrecer cifras aproximadas de veciños e habitantes por provincias, para poñer de relevo dinámicas demográficas de diferente intensidade, que tiveron a súa correspondente incidencia no hábitat.

Aínda que as cifras de partida son inseguras, queda posto de relevo o desigual crecemento das diversas provincias, situándose á cabeza A Coruña (onde pesa moito a poboación urbana), Santiago e Betanzos, e no derradeiro lugar Lugo, onde o sistema agrario se transformou menos. Os arquivos parroquiais e os recontos de veciños de diversos partidos e "terras" confirman tamén que desde finais do XVI ata 1750 algunhas comarcas triplicaron amplamente o seu número de fogares, mentres que outras nin sequera o duplicaron entre a primeira data e 1860. Así, na provincia de Tui, as parroquias de Val Miñor contaban con 900 veciños en 1561, e con 3.360 en 1752 (multiplícanse, xa que logo, por 3,7); as de Porriño e as súas terras pasaron de 498 a 2.198 entre as mesmas datas (multiplícanse por 4,4); as do concello de Valladares, de 322 a 1.944 (por 4,6); e as do Val de Manoo de 173 a 1.248 (por 7,2)¹⁷. Dentro da provincia de Santiago, desde 1582 a 1752 o número de veciños

¹⁶ A diferente evolución demográfica dos territorios peninsulares, desde 1591 a 1752, pode verse en J. M. Pérez García, "Economía y sociedad", en A. Domínguez Ortiz (dir.), *Historia de España*. 6. *La crisis del siglo XVII*, Barcelona, 1988, pp. 191 ss. Para a Galicia da segunda metade do XVI, P. Saavedra, *La Galicia del Antiguo Régimen. Economía y Sociedad*, Colec. "Galicia. Historia", III, A Coruña, 1991, pp. 52 ss.

¹⁷ Arq. Xeral de Simancas, Exps. de Facenda, leg. 97/87. Non hai que descartar unha infravaloración das cifras de 1561, pese a tratarse de relacións *nominais* de veciños, con viúvas e

do Salnés multiplicouse por 3,25 e o da terra de Montes por 2,9. En cambio, en Lugo e en Ourense os aumentos son, polo xeral, moito máis moderados: 61 aldeas do Concello de Cervantes tiñan 289 veciños en 1561 e 528 en 1857, o que significa un incremento do 83 por cento en tres séculos. No mesmo período o crecemento foi só do 55 por cento no Courel, do 60 en Samos e do 67 en Sarria, mentres na xurisdicción ourensá de Viana do Bolo foi do 49 por cento entre 1557 e 1752. Contrastes parecidos poderíanse mencionar con respecto a Asturias e a Cantabria (duplicación dos efectivos demográficos do litoral e dos vales entre 1551 e 1750, e estancamento da Liébana e de Campoo)¹⁸.

CADRO 2
EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN GALEGA DE FINAIS DO XVI ATA MEDIADOS DO XIX.
CIFRAS EN VECIÑOS

Provincia	1591	Ind.	1631	Ind.	1752	Ind.	1860	Ind.
Lugo	32.025	100	31.879	100	41.100 (225.978 hab.)	128	57.595 (316.761 hab.)	180
Ourense	34.456	100	43.175*	125	70.135 (281.266 hab.)	204	95.135 (380.546 hab.)	276
Santiago	31.500*	100	40.705*	129	97.120 (412.757 hab.)	308	130.525 (554.731 hab.)	414
Tui	15.500*	100	20.810	134	41.225 (164.869 hab.)	266	47.385 (189.353 hab.)	306
Mondoñedo	8.135*	100	10.064	124	17.350 (78.078 hab.)	237	23.180 (104.307 hab.)	285
Betanzos	9.297	100	10.506	113	21.330 (95.977 hab.)	229	37.605 (169.220 hab.)	404
A Coruña	3.990	100	4.635	116	10.100 (40.387 hab.)	253	21.060 (84.240 hab.)	529
Galicia	134.903	100	161.792	120	298.540 (1.299.312 hab.)	221	412.485 (1.799.158 hab.)	306

* Cifras rectificadas á alza.

Fonte: Os datos de 1631 están tomados de C. Fernández Cortizo, "La población de Galicia en la primera mitad del XVII: los vecindarios de 1631 y 1651", *Obradoiro de Historia Moderna*, 1990, p. 107 (rectificámo-los datos de Ourense e de Santiago); as cifras de habitantes de 1860, por antigas provincias proceden de A. Eiras Roel, *La población de Galicia, 1700-1860*, Fundación Caixa Galicia, 1996, p. 293; a partir delas reconstruímo-lo número de veciños, segundo os coeficientes de cada zona (ver P. Saavedra, *Das casas de morada ó monte comunal*, Xunta de Galicia, 1996, pp. 129-141). Os datos de veciños de 1591 son os da fonte orixinal (on rectificación dos de Santiago, Tui e Mondoñedo), o mesmo cós de habitantes de 1752; o número de veciños correspondentes a esta data obtívose aplicando os coeficientes medios de cada provincia (vid. I. Dubert, *Historia de la familia en Galicia en la época moderna*, A Coruña-Sada, 1992, pp. 83 ss.).

O que agora interesa, en relación co que estamos a expoñer, é pescudar qué efectos tivo a estrutura do hábitat no crecemento demográfico, e parece claro que os cambios nos asentamentos rurais deberon ser máis profundos alí onde o número de veciños aumentou con maior intensidade. Para o caso do litoral occidental galego, C. Fernández Cortizo puxo de relevo, nun interesante traballo, xa mencionado, que a pesar de que a poboación se triplicou con amplitude entre 1582 e 1750, a penas apareceron, neses case dous séculos, novos núcleos de hábitat: o Salnés tiña 73 aldeas na primeira data e 76 na segunda, en tanto que a Terra de Montes pasou de 113 a 126. O que aconteceu foi, xa que logo, un incremento do tamaño medio dos asentamentos, que

pobres. De se admitiren os datos, entre 1561 e 1631, había nas terras tudenses unha forte expansión demográfica.

¹⁸ Arq. Xeral de Simancas, Exps. de Facenda, mazos 97/66 e 97/86 (Samos e Sarria); 118/13 e 97/99 (Cervantes e O Courel) e 95/82 (O Bolo); para Santiago, o traballo xa mencionado de C. Fernández Cortizo, e sobre Cantabria, R. Lanza, *La población y el crecimiento económico de Cantabria en el Antiguo Régimen*, Univ. Autónoma de Madrid / Univ. de Cantabria, 1991, pp. 100 ss.

pasaron de 6,5 a 20,3 veciños no Salnés e de 6,1 a 16,1 en Montes, de aí que o autor do estudo conclúa que "pode falarse dunha estabilidade numérica dos asentamentos rurais durante o Antigo Réxime, de xeito que naqueles casos nos que se ve alterada, éo fundamentalmente pola ocupación de casaríos illados", que xorden e desaparecen con relativa facilidade.

CADRO 3
EVOLUCIÓN DOS ASENTAMENTOS RURAIS NA LANZADA, MONTES E ARZÚA

	Aldeas			Veciños/km ²		Veciños/aldea	
	1582	1752	% de aumento	1582	1752	1582	1752
A Lanzada	73	76	4,1	7,44	24,10	6,5	20,29
Montes	113	126	11,5	3,39	10,60	6,1	16,12
Arzúa	82	95	15,8	5,21	6,40	4,0	4,90

Tamaño	A Lanzada		Terra de Montes	
	1582	1752	1582	1752
vecinos	%	%	%	%
1-2	26,0	1,3	19,4	14,2
3-4	24,7	1,3	25,6	4,0
5-9	31,5	23,7	36,3	21,4
10-14	10,9	22,4	13,3	20,6
15-19	1,4	10,5	4,4	9,5
20-24	4,1	11,9	0,9	9,5
25-29	-	11,9	-	4,8
30-39	1,4	7,9	-	8,8
40-49	-	2,6	-	2,4
50-59	-	1,3	-	3,2
60-69	-	1,3	-	1,6
70-79	-	2,6	-	-
80 y +	-	1,3	-	-

(Tomado de C. Fernández Cortizo, «Aldeas y casaríos a tiro de mano de piedra», art. cit.).

Se desde finais do XVI o forte crecemento demográfico a penas incrementou o número de asentamentos rurais, non cabe dúbida de que provocou grandes cambios internos nos existentes. Na segunda metade do século XVI unha quinta parte aproximada das aldeas do litoral occidental tiña un só veciño, e unha porcentaxe semellante contaba con dous; a mediados do XVIII o número de núcleos cunha ou dúas familias descendera drasticamente, ata chegar case a desaparecer nalgunhas comarcas (caso do Salnés). En correspondencia, aumentaron en importancia as aldeas de dez ou máis fogares, aparecendo incluso aglomeracións que superan os corenta veciños, tamaño moi considerable para os niveis de Galicia.

Desde a segunda metade do XVI, polo tanto, o forte crecemento demográfico das comarcas litorais e prelitorais significou a consolidación como asentamentos de máis de cinco veciños de antigos casaríos illados ou de aldeas de só dúas familias, é dicir, pasouse a "un hábitat concentrado con poboamento disperso en numerosas entidades de moi pequena poboación", en comparación coas demais do centro da península. Na idade contemporánea si que xurdirán novos núcleos, o que a carón do crecemento dos existentes motivará que en ocasións resulte difícil distinguir unha aldea doutra; unha situación que A. Bouhier cualificou de "verdadero labirinto"¹⁹. Pero o panorama é moi diferente a finais do XVI, cando o bispo de Tui lle daba conta a Felipe II da conveniencia de efectuar na diócese "reduccións" ou concentracións de veciños ó xeito das practicadas en Indias, para proceder logo a catequizar debidamente a uns

¹⁹ A. Bouhier, *La Galice*, p. 180.

campesiños caracterizados pola ignorancia e pola rudeza. Todo un exemplo das dificultades que atopaba o poder — neste caso o relixioso— para controlar ás familias que vivían en núcleos dispersos: "Estes fregueses — escribía o prelado tudense en 1587—, con ser tan poucos en cada unha das freguesías, non viven preto da igrexa pola maior parte, nin circunveciños, senón un cuarto de legua, e media, e unha da igrexa, e afastados uns dos outros, e os máis próximos a cuarto de legua e a dous tiros ou catro de arcabuz e se A Súa Maxestade fora servido de reducilos a poboacións (...) sería o maior servizo de Deus que se podería facer, e aínda á Súa Maxestade, para que esta xente bárbara fora política e doméstica e ensinada na doutrina cristiá, que vivindo como viven é imposible"²⁰. Unha opinión parecida manifestaban en 1572 os alcaldes e os rexedores da cidade de Lugo, a propósito do reparto dos moriscos expulsados de Granada: comparaban a cunca de Monforte "onde as casas están preto as unhas das outras e é xente de entendemento, onde [por tanto] poderán residir algúns moriscos (...) e onde poderán ser ensinados e doutrinados", con outras "freguesías e aldeas nesta provincia, onde viven os moradores distintos e apartados, que viven en montañas e serras, e [son] xente labradores simples e rústicos, onde os ditos moriscos no poden nin estar acomodados nin depender doutrina, antes nas ditas aldeas e casaríos podería suceder algún dano da conversación dos ditos moriscos ós ditos labradores cristiáns". Nesta ocasión, a dispersión da poboación aparece coma un límite ó exercicio do poder relixioso e tamén ó político. Nun ton máis ben informativo, o arcebispo asturiano, don Fernando del Valdés, explicaba así mesmo, en 1622, que "as aldeas de Asturias non son coma as de Castela, que as casas están xuntas e fan rúas. En Asturias están as casas moi afastadas unha da outra por causa das herdades e hortas de frutais que cada casa ten propios, a modo de casa de recreación"²¹.

O incremento do tamaño dos asentamentos rurais e das densidades demográficas — que na provincia de Tui acadaba, a mediados do XVIII, os 100 hab./km²— fixo innecesarias as contundentes disposicións que en 1587 reclamaba o prelado tudense; e o que tiveron que levar a cabo os seus sucesores foi erixir novas parroquias para darlle o necesario pasto espiritual a un crecente número de veciños que non cabían nos templos antigos, demasiado pequenos, ou que estaban afastados deles. Deste xeito, no canto de leva-los veciños vivir preto da igrexa parroquial, levantáronse igrexas no medio dos veciños. Na obra de Ávila y La Cueva hai abundante información ó respecto: sobre "capelas con territorio" convertidas en anexos, e sobre anexos elevados á categoría de parroquias, en particular a partir da década de 1780, por iniciativa dos bispos Angulo e García Benito; e aínda con este proceso de erección de novas parroquias, o seu tamaño era, a mediados do XIX, moi considerable²². No municipio de Tui, por exemplo, cada freguesía contaba, en 1867, cun termo medio de 21,3 aldeas e con 214 veciños, mentres no partido de Pontecaldelas os

²⁰ En J. Ruiz Almansa, *La población de Galicia, 1500-1945*, Madrid, 1948, p. 76.

²¹ A cita de 1572 en M^a C. González Muñoz, *Galicia en 1571: Población y economía*, A Coruña-Sada, 1982, p. 213; a de 1623 en J. García Fernández, *Sociedad y organización tradicional del espacio en Asturias*, Oviedo, 1976, p. 70.

²² Cf. F. Ávila y La Cueva, *Historia civil y eclesiástica de la ciudad de Tui y su obispado*. II. ("Vilas, parroquias e arcisprestados"), edic. facsimilar do manuscrito de c. 1835-50 do Consello da Cultura Galega, Santiago, 1995, con ampla información sobre a reforma parroquial de finais do Antigo Réxime, e con datos de veciños e valor dos décimos.

valores eran, respectivamente, de 6,7 e de 162,3. A clasificación das aldeas e dos lugares de acordo co seu número de fogares pódese ver no cadro que segue, no que se pon de manifesto o apreciable tamaño que daquela tiñan as entidades de Pontecaldelas, onde un 80 por cento das familias residían en núcleos de vinte ou máis veciños.

CADRO 4
TAMAÑO DAS ENTIDADES DO MUNICIPIO DE TUI E DO PARTIDO DE PONTECALDELAS EN 1865

Veciños/aldea	Tui				Pontecaldelas			
	Aldeas	%	Veciños	%	Aldeas	%	Veciños	%
1	24	10,3	24	1,-	2	0,9	2	-
2	22	9,4	44	1,9	3	1,4	6	0,1
3-4	44	18,8	149	6,3	11	5,1	31	0,6
5-6	22	9,4	124	5,3	11	5,1	59	1,1
7-9	41	17,5	334	14,2	17	7,9	131	2,5
10-14	31	13,3	358	15,2	38	17,7	433	8,9
15-19	19	8,1	320	13,6	20	9,3	337	6,5
20-29	15	6,4	394	16,7	34	15,8	815	15,7
30-39	10	4,3	317	13,4	24	11,2	835	16,1
40-49	5	2,1	222	9,4	12	5,6	539	10,4
50 e máis (Tui)	1	0,4	72	3,-				
50-69 (Pontec.)					31	14,4	810	15,6
70-99					7	3,3	580	11,2
máis de 100					5	2,3	615	11,8
TOTAL	234	100	2.358	100	45	100	5.193	100

Na Galicia interior as permanencias das estruturas fundamentais do hábitat ó longo da idade moderna, e incluso da contemporánea, resultan patentes, segundo o pon de relevo a comparación, en distintas épocas, do número e do tamaño dos asentamentos de varias comarcas para as que se dispón de fontes de certa fiabilidade. Aínda que os cambios na extensión e nos límites das circunscricións locais —co paso das vellas xurisdiccións ós municipios do XIX— e os erros na transcripción dalgúns topónimos dificultan con frecuencia o cotexo de documentos afastados por varios séculos, pódese afirmar que desde a segunda metade do XVI ata mediados do XIX tan só xurdiron ou desapareceron algúns casaríos illados, sen que oscilara o número dos outros núcleos, que incrementaron o seu tamaño, sen chegar por termo medio a duplicalo.

No cadro pódense ve-los casos dos municipios limítrofes de Samos e de Sarria, no centro da provincia de Lugo, que experimentaron un crecemento do número de veciños do 60 e do 67 por cento entre 1590 e 1857, sen que a estrutura do hábitat notara a penas alteracións.

En Samos, o tamaño medio das aldeas pasou, entre ámbalas dúas datas, de 7,4 a 9,4 veciños (ou a 11,8 se a comparación se realiza só entre as controladas en ámbalas datas)²³, sendo as de 15 e máis familias as que realmente incrementaron a súa importancia, ó acollerem en 1857 o 57 por cento da poboación (fronte a só o 31,5 por cento en 1590). A proporción de casaríos illados a penas se modificou e, tanto a finais do XVI coma a mediados do XIX, os veciños que vivían neles non chegaban ó 2 por cento do total. Sarria presenta algunhas diferencias co Concello de Samos (pese a ser fronteirizos), que se conservaron ó longo do tempo: un menor tamaño medio dos núcleos e unha forte presenza dos casaríos illados, que representaban un 23,7 por cento das

²³ En 1857 é posible controlar tódalas aldeas de cada municipio, mentres na segunda metade do XVI só as dalgúns partidos logo integrados nas novas circunscricións creadas pola revolución liberal.

entidades en 1590 e un 25,6 en 1857, aínda que os veciños que residían neles non supoñían o 6 por cento do total. Tamén neste municipio aumenta a dimensión das aldeas, de 4,3 a 6,3 veciños, debido a que no transcurso da idade moderna se consolidaron núcleos con 20 ou máis familias, inexistentes na segunda metade do XVI.

CADRO 5
EVOLUCIÓN DO HÁBITAT EN DOUS CONCELLOS LÍMITROFES DA GALICIA INTERIOR, SAMOS E SARRIA

Veciños/ aldea	Samos				Sarría			
	% aldeas en 1590	% poboación	% aldeas en 1857	% poboación	% aldeas en 1590	% poboación	% aldeas en 1857	% poboación
1	9,9	1,3	11,9	1,3	23,7	5,7	25,6	4,1
2	12,3	3,4	9,2	1,9	20,7	9,9	14,-	4,5
3-4	14,8	7,4	14,7	5,3	21,5	17,2	16,9	9,3
5-6	17,3	12,6	10,1	5,6	11,9	15,5	9,7	8,6
7-9	16,-	16,9	14,7	12,6	13,3	24,5	10,4	12,8
10-14	16,-	26,7	12,8	16,2	5,2	13,5	12,3	22,5
15-19	11,1	24,8	17,4	31,5	3,7	13,7	5,1	13,6
20-29	2,5	6,9	6,4	16,5	-	-	4,5	16,1
30-39	-	-	2,8	9,1	-	-	0,9	4,2
40 e +	-	-	-	-	-	-	-	-
(Samos)								
40-49					-	-	0,6	4,3
(Sarría)								
50 e +					-	-	-	-
	Media de veciños por aldea				1590		1857	
	Samos				7,4		9,4 (11,8)	
	Sarría				4,3		6,3 (7,2)	

Fonte: Arq. Xeral de Simancas, "Exps. de Facenda", mazos 97/76 e 97/86, e Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, 1858.

Os datos doutros concellos que puidemos analizar confirman a permanencia dos trazos básicos do hábitat da Galicia interior. Na terra de Cervantes, por exemplo, os casaríos illados a penas teñen importancia como entidades de habitación, tanto en 1561 coma tres séculos despois, e o crecemento demográfico aféctalle tan só ó tamaño medio dos asentamentos, que pasan de 4,7 a 8,7 veciños nesas tres centurias. No Courel tampouco existían casaríos illados en 1580, cando as aldeas tiñan unha media de 19,8 fogares. En 1857 esta cifra elevarase a 24,6 e os novos casaríos que rexistra o Nomenclátor correspóndense con oito ferrerías (coa súa casa de administración) e unha rectoral. No concello de Navia de Suarna, a evolución na fase final do Antigo Réxime é parecida: en 1709 nas aldeas residían, por termo medio, 8,4 veciños, e en 1857 11,3; de xeito que se na primeira data só un 27 por cento da poboación pertencía a entidades de 15 ou máis fogares, a mediados do XIX esa porcentaxe ascendía a 55. Por fin, as permanencias parecen tamén notables na provincia de Ourense, dado que nalgunhas das súas circunscricións os núcleos acadaban dimensións considerables dentro do contexto galego (constituíndo, en verbas de A. Bouhier, "des villages à la Galicienne"). Así, no Bolo, o tamaño medio das entidades era de 31 veciños en 1557 e de 46 en 1752, sen que nin nunha nin na outra data as fontes mencionen casaríos illados.

Polo tanto, se o hábitat do litoral nota transformacións importantes na idade moderna, coa conversión de moitos casaríos illados en entidades de cinco ou máis veciños e cun notable incremento do número medio de familias do

CUADRO 6
EVOLUCIÓN DO HÁBITAT EN CERVANTES, NAVIA E NO CAUREL

	a) Cervantes						b) Navia				c) O Caurel		
	1561	1709		1857		1709		1857		1580	1857		
Veciños/ aldeas	% aldrs.	% vecñs.	% aldrs.	% vecñs.	% aldrs.	% vecñs.	% aldrs.	% vecñs.	% aldrs.	% vecñs.	% aldrs.	% aldrs.	
1	3,2	0,5	3,9	0,6	3,-	0,4	4,2	0,5	2,-	0,2	-	15,5*	
2	6,4	2,-	3,9	1,1	6,-	1,4	3,2	0,75	2,-	0,2	2,3	5,-	
3-4	24,2	13,4	27,5	14,2	14,3	5,9	24,2	10,1	9,1	2,7	4,6	1,7	
5-6	19,4	17,5	24,5	19,7	26,3	16,8	12,6	8,25	26,3	12,9	9,3	8,3	
7-9	27,4	35,2	16,7	18,7	19,5	18,7	16,8	15,6	12,1	8,5	14,-	11,7	
10-14	19,4	31,4	17,6	29,-	15,-	18,7	27,4	37,6	18,2	19,5	11,6	5,-	
15-19			3,9	9,3	10,5	21,4	7,4	15,1	15,2	22,1	14,-	11,7	
20-29			1,-	2,8	3,8	10,4	3,2	8,-	13,1	27,5	23,4	28,3	
30-39			1,-	4,6	1,5	6,3	1,-	4,-	2,-	6,3	4,6	3,3	
40-49											4,6	3,3	
50 e máis											-	1,7	
TOTAL	100	100	100	100	99,9	100	100	99,9	100	99,9			
MEDIA		6,27		6,97		8,5		8,42		11,31		19,8	24,6

* Corresponden a oito ferrerías e a unha rectoral.

Fonte: Arq. Xeral de Simancas, "Expedientes de Facenda", mazos 97/99 e 118/13; Arq. Municipal de Lugo, Padróns de 1709, e *Boletín Oficial de la Provincia de Lugo*, 1858.

conxunto dos núcleos, no interior os cambios caracterízanse por unha maior moderación: onde non existían casaríos illados a mediados do XVI tampouco os había tres centurias despois, e naqueles concellos onde si constituían unha forma de organización do territorio, a súa importancia porcentual dentro dos asentamentos rurais semella terse conservado, segundo amosan os exemplos xa comentados de Sarria e de Samos. En realidade, sería posible remontarse á idade media para destaca-la conservación ou permanencia das estruturas do hábitat rural da Galicia interior, desde os séculos XII-XIII ata, polo menos, a segunda metade do XX, o que chama a atención nunha xeografía sementada dun elevadísimo número de pequenos asentamentos que, en teoría, poderían xurdir e desaparecer con facilidade. A hipótese desta permanencia parece confirmala o feito de que a documentación señorial da baixa idade media aluda, en Ourense, a colonos reunidos en aldeas de certo tamaño e, en Lugo, en grupos máis reducidos, e o feito de que as diferencias entre o número medio de veciños por núcleo de Samos e do Bolo se mantivera desde mediados do XVI ata 1960 (na época de Felipe II, as aldeas do Bolo multiplicaban por 4,2 o número de fogares das de Samos, e en 1960, despois do crecemento duns e doutros, por 4,4). As cousas foron moi diferentes na Galicia litoral e prelitoral, dado que moitos dos casaríos da década de 1580 —que logo evolucionaron cara a entidades maiores— probablemente non existiran en 1500, e os cambios detectados no hábitat entre a segunda metade do XVI e 1750, serían máis radicais se a análise poidese comezar en 1480-1500, cando se inicia unha fase de restauración agrícola e demográfica²⁴.

3. Parroquias, novas vilas e "capitais" de municipios

Os datos comentados ata aquí permiten coñecer parcialmente, cremos, a evolución contrastada das formas de hábitat do litoral e do interior, e relacionalos cambios e as permanencias coas tendencias demográficas, en dependencia,

²⁴ Vid. a síntese que se ofrece en P. Saavedra, *La Galicia del Antiguo Régimen*, cap. II, pp. 52 ss., coa bibliografía que alí se cita.

á súa vez, de transformacións no sistema agrario. Pero hai que advertir que a análise formal, baseada só no número de fogares dos núcleos de circunscricións diversas, deixa na sombra moitos matices que sería preciso considerar. En efecto, o feito de que un enclave pase dun a tres veciños, de dous a cinco, ou de dez a vinte, non é tan só un feito demográfico; significa tamén que os intercambios de todo tipo no ámbito da aldea —de axudas, de matrimonios, de aprendizaxes, de sentimentos— tiveron que se intensificar, notándose na propia vida familiar, dificilmente entendible fóra da comunidade. Por outra banda, o feito de que abunden os asentamentos de dúas e de tres casas —caso das montañas setentrionais— non significa que rexa unha organización individualizada do espazo e das actividades agropecuarias, senón que pode existir un marco colectivo que a consideración dos meros aspectos formais dos asentamentos enmascara. En realidade, a análise da evolución do hábitat tería que completarse abordando os cambios na organización agraria e no sistema de "axudas mutuas", na estrutura social, nas relacións de parentesco, nos conflitos entre aldeas próximas, nas formas e nos ámbitos de sociabilidade. Sen dúbida un programa demasiado vasto.

No caso concreto das comarcas lucenses, o reducido aumento do número de veciños e a estabilidade dos núcleos de hábitat agachan cambios profundos nas estruturas e no tamaño das familias, vencellados a modificacións no sistema hereditario: a xeneralización da mellora longa en beneficio do primoxénito para evita-la fragmentación do patrimonio —e a correspondente asunción dunha ideoloxía que enfatizaba a función da *casa* como algo inmutable no decorrer dos séculos, estendida a partir da segunda metade do XVII, de acordo coas investigacións de H. Sobrado Correa²⁵— incrementou o tamaño e a estrutura dos fogares, segundo revelan as veciñanzas e os censos do XVIII e do XIX. Neste ámbito xeográfico, do mesmo xeito que acontecía no sudoeste francés estudado por Anne Zink²⁶, era, no fondo, toda a comunidade a que trataba —con éxito limitado— de evita-la aparición de novos veciños nas aldeas, para reserva-lo usufructo dos comunais a unhas poucas casas. Pola contra, no litoral e no prelitoral, non só foron máis intensas as transformacións agrarias, senón que o sistema agrario tiña unha maior flexibilidade e permitía dividi-los patrimonios, e crear fogares *ex novo*, parte deles formados por "bodegueiros" ou "bodegueiras" que malvivían en alpendres. O resultado era que nas terras lucenses as familias estaban internamente moi xerarquizadas, e a comunidade estábao menos; no litoral sucedía ó revés. No País Vasco, na etapa final do Antigo Réxime, a estabilidade formal do casarío agacha realidades demográficas diversas, pois unha porcentaxe apreciable deles son compartidos por dúas familias, e ata algúns son compartidos por tres, co que o casarío deixou de ser, en moitos casos, unidade de explotación²⁷. Así, o económico, o

²⁵ H. Sobrado Correa, "«Vinculeiros», célibes y bastardos. Economía y organización familiar en las tierras lucenses", Tese de Doutoramento inédita, Univ. de Santiago, 1997, I, pp. 521 ss., e P. Saavedra, *La vida cotidiana en la Galicia del Antiguo Régimen*, Barcelona, 1994, pp. 157 ss.; e *Das casas de morada*, pp. 17 ss.

²⁶ A. Zink, *L'héritier de la maison*, Paris, 1993.

²⁷ Cf., entre outros, J. Urrutikoetxea Lizarraga, «En una mesa y compañía». Casarío y familia campesina en la crisis de la sociedad tradicional, Irún, 1766-1845, San Sebastián, 1992, pp. 299 ss.

demográfico, o social e o cultural mestúranse nunha madeixa nada fácil de desentrañar.

Serían tamén necesarios estudos de microhistoria de varias aldeas e casaríos, porque as comparacións globais que realizamos do número medio de veciños, desde o XVI ata o XVIII e XIX, agachan diverxencias internas das que se nos escapa a explicación: o feito de que as familias dun concello aumenten non impide que determinadas aldeas perdan fogares, e, por outra banda, o crecemento dunhas e doutras tampouco é uniforme. Sobre este punto concreto, resulta interesante comprobar como á altura de 1860 nalgúns municipios de Lugo aparecen consolidados como centros articuladores do espazo os núcleos sede da igrexa parroquial, o que A. Bouhier destacou como característico das circunscricións en cuestión; pero ese trazo do hábitat non aparece nas fontes da segunda metade do XVI, senón que é posterior, e descoñecemos-lo peso que os factores económicos e relixioso-culturais tiveron na súa aparición. No cadro que segue pódese constata-la desigual importancia que a entidade sede da igrexa parroquial tiña a mediados do XIX en diversos municipios lucenses:

CADRO 7
IMPORTANCIA DO NÚCLEO PARROQUIAL EN DIFERENTES MUNICIPIOS DE LUGO. 1857.

a) Partido de Monforte					
Municipio	Aldeas/ parroquia	Veciños/ parroquia	Veciños/ aldea	Veciños/ núcleo parroquial	% do núcleo sobre o total da parroquia
Bóveda	5,15	57,92	11,24	21,38	36,92
Monforte (sen a vila e Pino)	7,23	65,69	9,09	16,58	25,23
Pantón	11,11	90,5	8,14	10,35	11,4
Saviñao	9,88	63,77	6,46	11,68	18,3
Sober	8,86	81,09	9,15	11,86	14,6
b) Partido de Lugo					
Municipio	Aldeas/ parroquia	Veciños/ parroquia	Veciños/ aldea	Veciños/ núcleo parroquial	% do núcleo sobre o total da parroquia
Castro de Rei	7,69	51,69	6,72	12,15	23,5
Castroverde	3,8	37,8	9,93	20,25	53,6
O Corgo	5,43	32,57	6,-	11,49	35,3
Friol	7,-	40,39	5,77	12,19	30,19
Guntín	5,06	34,77	6,87	10,65	30,61
Lugo	5,16	40,91	7,93	10,40	25,43
Outeiro de Rei	5,78	30,04	5,89	18,93	55,6
Pol	7,59	48,12	6,39	8,47	17,6
c) Partido de Sarria					
Municipio	Aldeas/ parroquia	Veciños/ parroquia	Veciños/ aldea	Veciños/ núcleo parroquial	% do núcleo sobre o total da parroquia
Láncara	6,42	34,85	5,43	7,42	21,3
Paradela	8,56	49,56	5,79	6,11	12,3
Páramo	5,6	31,89	5,68	8,94	28,-
Rendar (O Incio)	5,-	48,54	9,71	20,19	41,6
Samos	4,79	44,92	9,37	15,21	33,9
Sarria	6,9	35,24	5,11	7,39	21,-
d) Municipio da Mariña					
Municipio	Aldeas/ parroquia	Veciños/ parroquia	Veciños/ aldea	Veciños/ núcleo parroquial	% do núcleo sobre o total da parroquia
Alfoz	23,6	123,9	5,24	4,75	3,8
Valdoreiro	27,75	121,4	4,37	5,5	4,5

Fonte: elaboración a partir do Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, 1858.

Se no tocante á importancia desigual do núcleo parroquial só cabe, de momento, constatar datos, sobre a consolidación dalgunhas poboacións como "capitais" dos novos municipios creados pola revolución liberal na década de

1830, existe na actualidade información. Hai que ter en conta, ó respecto, que no Antigo Réxime existían en Galicia ó redor de medio millar de xurisdiccións, pero moi poucas tiñan por cabeza unha vila, sendo habitual, ademais, que moitas circunscricións careceran de casa de audiencia e de cárcere do concello. Os municipios creados na década de 1830 superaban amplamente o número de cidades e vilas (7 e 106 en 1797), e a moitas delas houbo que asignarlles por capital un lugar ou aldea, que ás veces nin era sede da igrexa parroquial. Aínda que non sempre é posible pescuda-los criterios que decidiron unha escolla, hai casos nos que a situación ó lado de rotas, e o feito de contar cunha feira importante (factores a miúdo unidos) semella que tiveron moita influencia²⁸. O exemplo máis espectacular constitúeo O Carballiño, que de ser un "sitio" da freguesía de Señorín, no que se celebraba unha feira de crecente importancia, pasou a se converter en cabeza de municipio e de partido, e en 1865 tiña 210 edificios habitados de maneira permanente, fronte ós 85 da sede parroquial (pois O Carballiño era entón vila, pero non parroquia). A Fonsagrada é outra mostra: a mediados do século XVIII era unha aldea de 25 veciños, cunha feira en auxe; designada cabeza de municipio e partido, en 1865 acadaba os 111 e a antiga capital do Concello de Burón, A Proba, tiña 63 e perdera a condición de "vila". Algo parecido aconteceu con Monterroso, unha sinxela aldea da freguesía de Esporiz, cunha das feiras con máis renome de Galicia, e en Ferreira do Valadouro, tamén aldea da parroquia da Laxe, na que comezou a celebrarse unha feira cara a 1700 (aínda que en 1865 Monterroso só tiña 27 veciños e Ferreira 33, sen ser nin un nin o outro parroquia)²⁹.

Na antiga provincia de Tui emerxeron igualmente núcleos coma Pontearas, As Neves, A Caniza e O Porriño, que despois viron sancionada a nivel político e administrativo a súa posición económica. En concreto, da vila de Pontearas dicía, a mediados do XIX, Ávila y La Cueva que "comezou a florecer e a facerse célebre nos nosos días, pois o seu principio tívoo polo lugar dalgunhas casas que empezaron a labrar no sitio que actualmente ocupa"; a erección dunha capela para oír misa os días de precepto "e con especialidade a mudanza da feira e mercado [que ata a primeira metade do XVIII se celebraba noutro lugar] déronlle gran realce a Pontearas, e desde os referidos tempos foi cando tomou maior incremento a poboación"; neste caso, os veciños conseguiron incluso o traslado á vila da sede parroquial (o troco de nome da parroquia): "e mudado a Pontearas dito templo, demoleuse *a cimentis* a [antiga] capela de San Gregorio, por non ser xa necesaria. Sendo o aquí demostrado a orde coa que comezou e foise engrandecendo a nosa vila ata chegar ó estado en que hoxe a miramos; e de cada vez vai máis en aumento cos diferentes edificios que nela se fan de novo, e non dubido —continúa Ávila y La Cueva— que co tempo, segundo o que de si ofrece, farase unha das máis famosas poboacións do bispado, e actualmente xa a habitan, incluso os seus

²⁸ Vid. B. López Morán, *A comarcalización histórica de Galicia no século XVIII*, Xunta de Galicia, 1994; X. Fariña Jamardo, *Os concellos galegos. Parte xeral*, Coruña, 1990, e *O nacemento dos concellos na provincia de Pontevedra*, Pontevedra, 1987. Con carácter xeral, C. de Castro, *La revolución liberal y los municipios españoles*, Madrid, 1979.

²⁹ Sobre as feiras, P. Saavedra, *A Facenda Real na Galicia do Antigo Réxime*, Xunta de Galicia, 1993, pp. 158 ss.

arrabais, cousa de 300 familias, entre elas varios cabaleiros e persoas distinguidas"³⁰.

O caso da Caniza parece semellante: era unha simple aldea da parroquia de Valeixe, onde os seus veciños construíron no século XVII "unha capela coa advocación do Doce Nome de Xesús e Santa Tareixa de Xesús, para nela oír misa os días de precepto (...); nese estado foron proseguindo porción de tempo, ata que como é motivado lugar atópase nunha proporcionada distancia de Tui, Vigo e Ourense para nel facer tránsito os pasaxeiros que van e veñen, e ademais por razón da feira que mensualmente nel se celebra, cada vez foise aumentando máis a poboación", e en 1790 foille concedida a categoría de anexo parroquial, para se desmembrar por completo de Valeixe —despois de pleito ante o ordinario eclesiástico— en 1815. Neste período notou un forte pulo demográfico, ata acadar o centenar de veciños: "a época que esta [localidade] tomou o seu maior incremento foi desde preto de finais do século próximo pasado de 18 ata os primeiros anos do actual 19, pois neste espacio é [no] que máis se aumentou a súa veciñanza, trasladouse alí a xustiza das Achas coa súa audiencia, e erixiuna por cabeza e capital de xurisdicción e partido, tomando desde entón a denominación da referida vila", conclúe Ávila y La Cueva³¹.

CADRO 8
NÚMERO DE VECIÑOS DA CAPITAL DALGÚNS MUNICIPIOS LUCENSES EN 1865

Municipio	Capital	Veciños
Abadín	Torre ("lugar")	6 (unha aldea con 12)
Antas	Seoane ("lugar")	13 (outras aldeas máis grandes no municipio)
Baleira	Vilaselle ("lugar")	9 (no municipio hai aldeas máis grandes)
Begonte	Riocaldo ("lugar")	6 (varias aldeas con máis de 10)
Carbrelado	Castro ("lugar")	24
Castro de Rei	Castro de Rei ("vila")	13 (aldeas con máis de 20 veciños)
Castroverde	Castroverde ("vila")	37 (hai unha aldea con 44)
O Corgo	O Corgo ("lugar")	3 (varias aldeas con máis de 15)
Cospeito	Rebuxín ("lugar")	6 (varias aldeas con máis de 10)
Friol	Airexe ("lugar")	3 (moitas aldeas máis grandes)
Guntín	Guntín ("lugar")	27 (é a entidade máis grande do municipio)
Láncara	San Pedro ("lugar")	19 (varias aldeas con máis de 20)
Outeiro de Rei	Outeiro de Rei ("vila")	20 (unha aldea con 26)
Paradela	San Miguel ("lugar")	2 (varias aldeas con máis de 20)
Páramo	San Martín da Torre ("lugar")	2 (varias aldeas con máis de 10)
Pastoriza	Castro ("lugar")	6 (varias aldeas con máis de 30)
Pol	Pol ("lugar")	6 (varias aldeas con máis de 10)
Rendar	Paredes ("lugar")	16 (varios núcleos máis grandes)
Riotorto	San Pedro ("lugar")	5 (varias aldeas con máis de 30)
Trasparga	Mesóns ("lugar")	2 (aldeas con máis de 15)
Xermade	Castiñeiras ("lugar")	17 (aldeas con 30)

Fonte: Nomenclátor dese ano.

Nalgúns casos, polo tanto, foron designados cabezas de municipios núcleos que na etapa final do Antigo Réxime estaban notando un incipiente proceso de urbanización, en canto que centros de reunións mercantís e lugares de tránsito. O poder político viña recoñecer, así, a función articuladora do espacio que estaban desempeñando as novas vilas. Pero en moitos concellos non se daban esas situacións e a capital recaeu nunha simple aldea, que tardou en

³⁰ F. Ávila y La Cueva, *Historia civil y eclesiástica*, II, pp. 115 ss. Aquí, como se ve, a sede da parroquia trasládase á que será capital do municipio, o que non sempre aconteceu.

³¹ F. Ávila y La Cueva, *Historia civil y eclesiástica*, II, p. 284.

consolidarse como auténtica vila, con independencia de que gozara ou non dese título. No cadro 8 aparece unha relación de municipios lucenses coas súas capitais en 1865, para ilustrar este punto.

Estas cifras poñen de manifesto que, despois de tres décadas posuíndo a capital dos novos municipios, certos núcleos distaban de consolidarse como principais poboacións da circunscrición, a diferenza dos casos mencionados anteriormente. O "favor" político-administrativo, por si só, resultaba insuficiente para localidades sen dinamismo económico, nunha época na que había moitas feiras de carácter rural e se implantaban tamén en aldeas e parroquias tabernas e tendas. Por outra banda, en canto que ámbito de sociabilidade, a freguesía —con taberna, misa dominical, enterros, aniversarios e outras reunións— non tiña competencia nas aldeas que foran designadas capital de concello, pero que en ocasións nin eran sede parroquial nin contaban con feira. Haberá que achegarse a mediados do século XX para ve-la incipiente urbanización de determinados núcleos.

* * *

Xeógrafos e economistas destacaron a orixinalidade do hábitat da España atlántica, caracterizado pola elevadísima concentración de entidades de poboación —no Nomenclátor de 1970 localízanse en Galicia preto de 50 por cento das entidades censadas en toda España— e, no aspecto formal, pola variedade, ó coexistiren asentamentos de máis ou menos veciños co casarío illado e, en determinadas zonas de montaña, con vivendas só ocupadas temporalmente. Para facer máis complexo o cadro, os xeógrafos distinguiron numerosos tipos de aldeas: "nucleares", "de estrutura dispersa", "itinerante", "nebulosa", hábitat pulverizado en núcleos de dous ou tres veciños (semellante ó dos *bocages* do oeste de Francia), casaríos illados; casaríos, "albergues" e "*majados*" das montañas pasegas e das brañas asturianas... E puxeron en relación o hábitat coa organización agraria: ó *bocage* corresponderíanlle asentamentos pulverizados, e ós campos abertos, *agras* e *erías* aldeas de maior tamaño, ben individualizadas; a correlación, sen embargo, non é completa, pois houbo ocasión de ver que a mediados do XIX o casarío illado abundaba precisamente no centro da provincia de Lugo —comarca típica de "*agras*"—, e escaseaba no litoral.

Neste ámbito, as achegas dos xeógrafos resultan fundamentais para o historiador, en particular as daqueles —coma J. Ortega Valcárcel, J. García Fernández e A. Bouhier— que amosan unha maior sensibilidade cara ó peso dos factores históricos. Con todo, cremos que, a miúdo, a idade moderna se viu, no que respecta ó hábitat, coma unha simple época de continuidade dos tempos medievais, cando os señores dirixiron a organización do espacio mediante o establecemento de pequenos asentamentos. Sen dúbida, a orixinalidade do hábitat da España —e da Europa— atlántica data do medievo e incluso de séculos máis remotos. Pero no transcurso do Antigo Réxime, nas zonas de forte crecemento demográfico, o hábitat aparece coma unha estrutura dinámica, aínda que os cambios se produciran en sentido inverso ó que ás veces se supuxo: ó longo do século XVI aumenta o número de casaríos illados, que na centuria seguinte tende a desaparecer —convertidos en aldeas de varios veciños—, mentres se reforza o papel da comunidade local e doutros medios de

control do campesiñado. Non vai ser ata a quebra do Antigo Réxime, cunha nova expansión demográfica, o ascenso do "individualismo agrario" e a desaparición dos poderes señoriais, cando xurda de novo o casarío nalgunhas zonas do litoral (por exemplo, en Asturias). É, polo tanto, un erro pensar que ata tempos contemporáneos non existían, salvo nalgunhas terras de montaña con dedicación gandeira, vivendas illadas: estas abundaban, como houbo ocasión de ver, na Galicia occidental no XVI, e en municipios lucenses no XVI e no XIX. Pero diante desta realidade formal hai que tomar en consideración outros matices: nas comarcas litorais e prelitorais, o campesiño do XVI que vive nun asentamento illado, a miúdo se estableceu co permiso dun señor, e el ou os seus herdeiros fragmentarán a explotación, levarán a cabo novas cavas e daranlle orixe a unha verdadeira aldea. Pola contra, os que na quebra do Antigo Réxime pechan montes e levantan casas afastadas dos vellos núcleos son "cadets" de espírito valente, que desafían os controis familiares e comunitarios, resoltos a establecerse no medio do monte abertal.

APÉNDICE ESTADÍSTICO
O HÁBITAT EN CINCO PARTIDOS DE LUGO EN 1857

PARTIDO DE LUGO

<i>Número de veciños</i>	<i>Aldeas</i>	<i>%</i>	<i>Veciños</i>	<i>%</i>
1	194	13,-	194	1,9
2	180	12,1	360	3,4
3-4	323	21,7	1.120	10,7
5-6	231	15,5	1.298	12,5
7-9	207	13,9	1.636	15,7
10-14	194	13,-	2.236	21,5
15-19	71	4,8	1.173	11,3
20-29	63	4,2	1.436	13,8
30-39	20	1,4	677	6,5
40-49	5	0,3	221	2,1
50 e máis	1	0,1	59	0,6
TOTAL	1.489	100	10.410	100
MEDIA			6,99	

PARTIDO DE CHANTADA

<i>Número de veciños</i>	<i>Aldeas</i>	<i>%</i>	<i>Veciños</i>	<i>%</i>
1	276	19,1	276	3,-
2	184	12,8	368	4,-
3-4	272	18,9	928	10,1
5-6	197	13,7	1.087	11,8
7-9	187	13,-	1.465	16,-
10-14	181	12,5	2.107	23,-
15-19	87	6,-	1.455	15,9
20-29	45	3,1	1.008	11,-
30-39	9	0,6	302	3,3
40-49	4	0,3	178	1,9
50 e máis	-	-	-	-
TOTAL	1.442	100	9.174	100
MEDIA			6,36	

PARTIDO DE MONFORTE

<i>Número de veciños</i>	<i>Aldeas</i>	<i>%</i>	<i>Veciños</i>	<i>%</i>
1	178	17,1	178	2,1
2	105	10,1	210	2,5
3-4	178	17,1	627	7,4
5-6	138	13,2	763	8,9
7-9	129	12,4	1.019	12,-
10-14	156	14,9	1.785	20,9
15-19	56	5,4	957	11,2
20-29	67	6,4	1.545	18,1
30-39	20	1,9	641	7,5
40-49	6	0,6	254	3,-
50 e máis	10	0,9	549	6,4
TOTAL	1.043	100	8.528	100
MEDIA			8,18	

PARTIDO DE SARRIA*

<i>Número de veciños</i>	<i>Aldeas</i>	<i>%</i>	<i>Veciños</i>	<i>%</i>
1	228	22,6	228	3,6
2	144	14,2	288	4,5
3-4	185	18,3	635	10,-
5-6	123	12,2	675	10,6
7-9	103	10,2	809	12,7
10-14	112	11,1	1.302	20,5
15-19	63	6,2	1.057	16,6
20-29	39	3,9	904	14,2
30-39	9	0,9	285	4,5
40-49	3	0,3	129	2,-
50 e máis	1	0,1	51	0,8
TOTAL	1.010	100	6.363	100
MEDIA				

* O cadro incorporado ó texto refírese ó hábitat do municipio e non ó do partido xudicial.

PARTIDO DE BECERREÁ

<i>Número de veciños</i>	<i>Aldeas</i>	<i>%</i>	<i>Veciños</i>	<i>%</i>
1	30	6,1	30	0,6
2	34	6,9	68	1,4
3-4	76	15,5	263	5,4
5-6	91	18,5	497	10,2
7-9	75	15,3	601	12,2
10-14	77	15,7	912	18,8
15-19	46	9,4	788	16,2
20-29	44	9,-	1.053	21,7
30-39	14	2,8	466	9,6
40-49	4	0,8	178	3,7
50 e máis	-	-	-	-
TOTAL	491	100	4.856	100
MEDIA				